



CONCELLOS

ANTAS DE ULLA

Anuncio

Aprobado inicialmente, en sesión ordinaria celebrada con data 30 de novembro de 2023 polo Pleno deste Concello, o expediente de modificación da Ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre vehículos de tracción mecánica, exponse ao público polo prazo de trinta días, para que as persoas interesadas poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas, de conformidade co establecido no artigo 17 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo.

Se transcorrido o devandito prazo non se presentasen reclamacións, considerarase aprobado definitivamente o mencionado Acordo.

Antas de Ulla, un de decembro de dous mil vinte e tres.- A Alcaldesa, María Pilar García Porto.

R. 3817

Anuncio

Aprobado inicialmente, en sesión ordinaria celebrada con data 30 de novembro de 2023 polo Pleno deste Concello, o expediente de modificación da Ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre bens inmoables, exponse ao público polo prazo de trinta días, para que as persoas interesadas poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas, de conformidade co establecido no artigo 17 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo.

Se transcorrido o devandito prazo non se presentasen reclamacións, considerarase aprobado definitivamente o mencionado Acordo.

Antas de Ulla, un de decembro de dous mil vinte e tres.- A Alcaldesa, María Pilar García Porto.

R. 3818

Anuncio

Aprobado inicialmente, en sesión ordinaria celebrada con data 30 de novembro de 2023 polo Pleno deste Concello, o expediente de modificación da Ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre actividades económicas, exponse ao público polo prazo de trinta días, para que as persoas interesadas poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas, de conformidade co establecido no artigo 17 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo.

Se transcorrido o devandito prazo non se presentasen reclamacións, considerarase aprobado definitivamente o mencionado Acordo.

Antas de Ulla, un de decembro de dous mil vinte e tres.- A Alcaldesa, María Pilar García Porto.

R. 3819

Anuncio

Aprobado inicialmente, en sesión ordinaria celebrada con data 30 de novembro de 2023 polo Pleno deste Concello, o expediente de derogación da ordenanza reguladora da taxa sobre prestación de servizos de

alcantarillado, exponse ao público polo prazo de trinta días, para que as persoas interesadas poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas, de conformidade co establecido no artigo 17 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo.

Se transcorrido o devandito prazo non se presentasen reclamacións, considerarase aprobado definitivamente o mencionado Acordo.

Antas de Ulla, un de decembro de dous mil vinte e tres.- A Alcaldesa, María Pilar García Porto.

R. 3820

Anuncio

Aprobado inicialmente, en sesión ordinaria celebrada con data 30 de novembro de 2023 polo Pleno deste Concello, o expediente de derogación da ordenanza reguladora da taxa por expedición de documentos administrativos, exponse ao público polo prazo de trinta días, para que as persoas interesadas poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas, de conformidade co establecido no artigo 17 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo.

Se transcorrido o devandito prazo non se presentasen reclamacións, considerarase aprobado definitivamente o mencionado Acordo.

Antas de Ulla, un de decembro de dous mil vinte e tres.- A Alcaldesa, María Pilar García Porto.

R. 3821

Anuncio

Aprobado inicialmente, en sesión ordinaria celebrada con data 30 de novembro de 2023 polo Pleno deste Concello, o expediente de derogación da ordenanza do tributo con fin non fiscal sobre as fachadas en mal estado de conservación, exponse ao público polo prazo de trinta días, para que as persoas interesadas poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas, de conformidade co establecido no artigo 17 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo.

Se transcorrido o devandito prazo non se presentasen reclamacións, considerarase aprobado definitivamente o mencionado Acordo.

Antas de Ulla, un de decembro de dous mil vinte e tres.- A Alcaldesa, María Pilar García Porto.

R. 3822

Anuncio

Aprobado inicialmente, en sesión ordinaria celebrada con data 30 de novembro de 2023 polo Pleno deste Concello, o expediente de derogación da ordenanza reguladora da taxa sobre gastos suntuarios, exponse ao público polo prazo de trinta días, para que as persoas interesadas poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas, de conformidade co establecido no artigo 17 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo.

Se transcorrido o devandito prazo non se presentasen reclamacións, considerarase aprobado definitivamente o mencionado Acordo.

Antas de Ulla, un de decembro de dous mil vinte e tres.- A Alcaldesa, María Pilar García Porto.

R. 3823

Anuncio

Aprobado inicialmente, en sesión ordinaria celebrada con data 30 de novembro de 2023 polo Pleno deste Concello, o expediente de derogación da ordenanza reguladora da taxa por expedición de licencias urbanísticas, exponse ao público polo prazo de trinta días, para que as persoas interesadas poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas, de conformidade co establecido no artigo 17 do

Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo.

Se transcorrido o devandito prazo non se presentasen reclamacións, considerarase aprobado definitivamente o mencionado Acordo.

Antas de Ulla, un de decembro de dous mil vinte e tres.- A Alcaldesa, María Pilar García Porto.

R. 3824

Anuncio

Aprobado inicialmente, en sesión ordinaria celebrada con data 30 de novembro de 2023 polo Pleno deste Concello, o expediente de derogación da taxa pola utilización do servizo de piscina municipal, exponse ao público polo prazo de trinta días, para que as persoas interesadas poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas, de conformidade co establecido no artigo 17 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo.

Se transcorrido o devandito prazo non se presentasen reclamacións, considerarase aprobado definitivamente o mencionado Acordo.

Antas de Ulla, un de decembro de dous mil vinte e tres.- A Alcaldesa, María Pilar García Porto.

R. 3825

Anuncio

Aprobado inicialmente, en sesión ordinaria celebrada con data 30 de novembro de 2023 polo Pleno deste Concello, o expediente de derogación da ordenanza fiscal reguladora da taxa pola instalación de terrazas do Concello de Antas de Ulla, exponse ao público polo prazo de trinta días, para que as persoas interesadas poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas, de conformidade co establecido no artigo 17 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo.

Se transcorrido o devandito prazo non se presentasen reclamacións, considerarase aprobado definitivamente o mencionado Acordo.

Antas de Ulla, un de decembro de dous mil vinte e tres.- A Alcaldesa, María Pilar García Porto.

R. 3826

Anuncio

Aprobado inicialmente, en sesión ordinaria celebrada con data 30 de novembro de 2023 polo Pleno deste Concello, o expediente de aprobación do cadro de persoal do Concello de Antas de Ulla para a anualidade de 2024, de conformidade co artigo 169 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto 2/2004, de 5 de marzo, sométese o expediente a información pública por prazo de quince días, a contar desde o día seguinte ao de publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

Durante o devandito prazo poderá ser examinado por calquera persoa interesada nas dependencias municipais para que se formulen as alegacións e reclamacións que se estimen pertinentes.

O cadro de persoal considerarase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentasen reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas.

Antas de Ulla, catro de decembro de dous mil vinte e tres.- A Alcaldesa, María Pilar García Porto.

R. 3827

BEGONTE

Anuncio

Por resolución de Alcaldía de data 17.11.2023, aprobose o padrón fiscal correspondente ao mes de outubro de 2023 do servizo de axuda no fogar a través da lei de dependencia por un importe de 6.190,95 € e programa básico de axuda no fogar por un importe de 110 €.

Por medio do presente expónse ó público o devandito padrón polo prazo de quince días hábiles a contar dende o día seguinte á publicación do anuncio no BOP, para que podan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes.

O que se fai público para xeral coñecemento do presente anuncio, que ten carácter de notificación colectiva, en cumprimento do disposto no Regulamento Xeral de Recadación e na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Begonte, 20 de novembro de 2023.- O Alcalde, José Ulla Rocha.

R. 3765

FOLGOSO DO COUREL

Anuncio

Por Resolución de Alcaldía de data 28 de novembro de 2023 aprobose o Padrón fiscal do Servizo de Axuda no Fogar na modalidade de libre concorrência ou prestación básica e de dependencia correspondente ao mes de outubro de 2023.

Por medio do presente expónse ao público o devandito padrón polo prazo de 15 días hábiles, que empezará a contar dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes, tanto en vía administrativa (artigos 123 e 124 da LPAC), coma na vía contenciosa (artigos 19, 25 e 46 da LJCA) O que se fai público para xeral coñecemento e aos efectos de que sirva de notificación colectiva de conformidade co establecido na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Folgoso do Courel, 28 de novembro de 2023.- A alcaldesa presidenta, Dolores Castro Ochoa.

R. 3766

RÁBADE

Anuncio

O Pleno do Concello, na sesión ordinaria celebrada o 29 de novembro de 2023, adoptou o acordo de aprobación provisional da modificación das ordenanzas fiscais reguladoras das taxas pola prestación dos servizos de auga, alcantarillado, saneamento e depuradora no Concello de Rábade. En cumprimento do artigo 17 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, sométese o expediente a exposición pública, por un prazo de 30 días, para que os interesados o poidan examinar e presenten as reclamacións que estimen oportunas. No caso en que non se presenten reclamacións entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional.

Rábade, 30 de novembro de 2023.- A Alcaldesa, Remedios González Cabarcos.

R. 3768

RIBADEO

Anuncio

Secretaría Xeral. 02.persoal / Expediente num. 3919/2023

BASES PARA O PROCESO SELECTIVO PARA POSTOS DE AUXILIAR ADMINISTRATIVO EN RÉXIME LABORAL TEMPORAL (Bolsa de Emprego)

1.- Obxecto da convocatoria.-

A presente convocatoria ten por obxecto o establecemento dunha bolsa de emprego para postos de traballo de carácter laboral temporal coa categoría de Auxiliar Administrativo (equiparado a un Grupo C2) para os diferentes servizos municipais por calquera das circunstancias de necesidade, procesos de I.T. , vacacións, vacantes, etc.

2.- Normativa aplicable.-

O procedemento rexeráse especialmente polo establecido nas seguintes normas:

O procedemento selectivo regularáse polo previsto nas presentes bases e no non previsto nelas, polo establecido nas seguintes disposicións:

RDL 5/2015, do Estatuto Básico do Empregado Público;

Lei 30/84, de 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública (naquelas disposicións aínda vixentes e que sexan básicas),

Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Real Decreto legislativo 781/1986, de 13 de xuño.

Lei 5/1997, de 22 de xullo, da Administración Local de Galicia.

Lei 2/2015, de 25 de abril do emprego público de Galicia.

Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios da Administración Local.

Decreto 95/91, de 20 de marzo, polo que se aproba o regulamento de selección do persoal da administración da Comunidade Autónoma de Galicia, no que non se opoña ó Real Decreto

Lexislativo 1/2008, de 13 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei da función pública de Galicia.

Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración do Estado e demais disposicións aplicables.

Lei 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das AA.PP.

Lei 40/2015, de 1 de outubro de Réxime Xurídico do Sector Público.

3.- Funcións e características dos postos:

As funcións serán as recollidas na vixente RPT municipal para estes postos sinalándose xenéricamente:

- As previstas na Lei 7/85, de 2 de abril, RDL. 781/86 de 18 de abril e lexislación concordante.
- Realizar tarefas administrativas de trámite e colaboración de todo tipo. Apoio a secretaría e intervención do Concello.
- Cooperar na supervisión e coordinación de traballos desempeñados por persoal municipal adscrito aos servizos correspondentes.
- Informar e atender ao público.
- Realizar además todas aquelas tarefas análogas que lle sexan asignadas por un superior, relacionadas coas labores propias do posto de auxiliar administrativo

O posto **estará asimilado** ao de funcionarios, Grupo: C2. Escala: Administración xeral, Subescala auxiliar. Nivel de CD 16.

4.- Publicidade.-

A presente convocatoria e bases publicaranse no taboleiro de anuncios da Casa do Concello de Ribadeo, sede electrónica da páxina web.do Concello www.ribadeo.gal e BOP de Lugo.

5.- Requisitos dos/as aspirantes.-

Poderán participar na Bolsa de Emprego os/as aspirantes que reúnan, á data de remate do prazo de presentación de instancias, os seguintes requisitos:

a) Xerais: Para tomar parte nas probas de selección, será necesario reunir os requisitos establecidos no artigo 50 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia

a) Ter a nacionalidade española, ou algunha outra que, con arranxo ao disposto no artigo 52 da Lei 2/2015, permita o acceso ao emprego público.

b) Estar en posesión da titulación esixida ou estar en condicións de obtela.

c) Non ser separado mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin acharse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se tratase de acceder ao corpo ou escala de persoal funcionario do que a persoa fose separada ou inhabilitada.

No caso do persoal laboral, non ser despedido mediante expediente disciplinario de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin acharse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se tratase de acceder á mesma categoría profesional á que se pertencía.

No caso de nacionais doutros estados, non estar inhabilitado ou en situación equivalente, nin ser sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida no Estado de procedencia o acceso ao emprego público nos termos anteriores.

d) Ter cumpridos os dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

e) Posuír as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas que sexan necesarias para o desempeño das correspondentes funcións ou tarefas.

b) Específicos:

Estar en posesión dalgún dos seguintes títulos: Bachiller elemental, Graduado en ESO, Formación Profesional de 1º grao ou titulación equivalente ou superior.

Todos os requisitos esixidos deben posuílos os/as aspirantes o día que remate o prazo para presentar as solicitudes e conservalos, polo menos, ata a data do seu nomeamento como funcionario.

Dereitos de Exame: Os interesados en participar neste proceso selectivo deberán ingresar na conta bancaria a nome do Concello IBAN nº ES40 0081 5420 3100 0100 0705 a taxa por dereitos de exame prevista na Ordenanza municipal T7 da taxa por expedición de documentos, epígrafe 8º (BOP de Lugo nº 177 de data 04/08/2022) **por importe de 15,00 €**, debendo aportar xustificante deste ingreso xunto coa solicitude de participación.

6.- Presentación de instancias.

Os/as interesados/as en participar e formar parte desta Bolsa de Emprego presentarán instancia no modelo que aparece no Anexo I das presentes bases facendo constar que reúnen todos os requisitos sinalados nestas bases e dirixiranse ao Sr. Alcalde do Concello de Ribadeo.

Presentaranse debidamente cubertas, no Rexistro Xeral do concello no prazo de **DEZ (10) días hábiles**, contados a partir do seguinte ao da publicación destas bases coa convocatoria deste procedemento no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Os sucesivos anuncios en relación con este proceso publicaranse no taboleiro de anuncios da Casa do Concello de Ribadeo e web municipal.

A presentación de instancias poderá facerse no Rexistro Xeral do Concello de Ribadeo ou en calquera das formas establecidas na Lei 39/2015 de 1 de outubro do Procedemento Administrativo común das AA.PP.

As solicitudes que se entreguen a través da Oficina de Correos deberán presentarse en sobre aberto para ser seladas e datadas polo funcionario/a de correos antes de ser certificada.

Ás instancias debidamente cubertas, achegaranse os documentos que a continuación se indican e de acordo coa seguinte orde:

-Fotocopia compulsada do DNI ou pasaporte. Ademais, os aspirantes extranxeiros deberán presentar documento que acredite que é nacional da Unión Europea ou dalgún Estado ao cal en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.

-Declaración responsable na que manifesten que reúnen todos e cada un dos requisitos xerais esixidos na convocatoria (inclúese no modelo de instancia)

-Copia compulsada dos méritos e circunstancias alegadas.

-Os/as aspirantes con algunha discapacidade deberán indicalo na súa solicitude.

7.- Admisión de aspirantes.

Rematado o prazo de presentación de instancias, a Alcaldía ditará resolución, no prazo máximo de cinco días hábiles pola que se declarará aprobada a listaxe provisional de admitidos/as e excluídos/as, con especificación no seu caso dos motivos de exclusión.

Dita resolución **publicarase no taboleiro de edictos da Casa do Concello e na sede electrónica da páx. web do concello www.ribadeo.gal**

Na publicación farase constar, apelidos e nome e, se é o caso, as causas que motivaron a súa exclusión.

Os/as aspirantes excluídos disporán dun prazo de (2) dous días hábiles contados a partir da publicación do anuncio no taboleiro de anuncios da Casa do Concello, para subsanar os defectos que motivaron a súa exclusión ou omisión.

Transcorrido o prazo de dous días sen reclamacións a lista de admitidos/as quedará elevada automaticamente a definitiva. No suposto de producirse reclamacións deberá dictarse unha nova resolución estimándoas ou desestimándoas e publicarase a lista definitiva no taboleiro de anuncios da Casa do Concello.

8.- Organo de selección.-

Presidente: Titular: Un funcionario ou persoal laboral fixo que terá a categoría como mínimo do subgrupo C2 e o seu suplente.

Vogais: Titulares: Tres funcionarios ou laborais fixos coa categoría como mínimo do Subgrupo C2 e os seus suplentes.

Secretario con voz e sen voto: Titular: O Secretario Xeral do Concello e o seu suplente correspondente.

A composición persoal deste órgano de selección será aprobada por Resolución da Alcaldía que se exporá ao público no tablón de anuncios do Concello e web municipal aos efectos legais procedentes con antelación suficiente á data de comezo dos exames.

9.- Sistema de selección.

O sistema de selección constará de dúas fases: **Fase de oposición (probos)** e **fase de concurso de méritos**.

A) FASE DE OPOSICION.

1.- Proba tipo test:

Consistirá nun exercicio tipo test de 20 preguntas que versará sobre o temario que a continuación se relaciona

O tempo máximo para realizar esta proba será de 40 minutos.

Este exercicio **é obrigatorio e eliminatorio**. Cualificarase de 0 a 10 puntos, sendo necesario para superar este exercicio obter como mínimo 5 puntos.

Cada resposta correcta terá un valor de 0,50 puntos.

Por cada dúas respostas incorrectas descontarase unha (0,50 puntos). As respostas en branco non contarán.

TEMARIO

1.- A Constitución de 1978. Principios xerais e estrutura. Dereitos e deberes fundamentais e liberdades públicas. A Coroa. O Poder executivo. O Poder lexislativo.

2.- A organización do estado na Constitución. Organización institucional ou política e organización territorial. As Cortes Xerais. O goberno e a administración.

3.-O Estatuto de Autonomía de Galicia.

4.-Réxime local español: clases das entidades locais.

5.-A provincia no réxime local. Organización provincial. Competencias.

6.-O municipio. O termo municipal. A poboación. O empadramento.

7.-Competencias do Concello.

8.- A organización municipal. Órganos necesarios e órganos complementarios. O Pleno. O Alcalde. Os tenentes de Alcalde. A Xunta de Goberno Local. Competencias de cada un deles.

9.-Ordenanzas e Regulamentos das entidades locais. Clases. Procedemento de elaboración e aprobación.

10.-O acto administrativo. Execución dos actos. Notificacións.

11.-O procedemento administrativo: fases.Finalización do procedemento administrativo: a obriga de resolver. O silencio administrativo.

12.-Os recursos administrativos: concepto e clases.

13.-A potestade sancionadora. Especial referencia a potestade sancionadora local.

14.-A responsabilidade da administración pública. Presupostos. Procedemento.

15.- O rexistro de documentos: concepto. O rexistro de entrada e saída: o seu funcionamento nas corporacións locais. O rexistro electrónico. O rexistro do Portelo Unico da Xunta de Galicia.

16.-O orzamento das entidades locais. Elaboración e aprobación. Principios orzamentarios.

17.-As modificacións orzamentarias. Modificacións de crédito cualitativas e cuantitativas. A liquidación orzamentaria das entidades Locais. Especial referencia as contas anuais.

18.-As facendas das entidades locais.Recursos, impostos, taxas, contribucións especiais, outros ingresos.

19.-Os contratos do sector público: normativa de aplicación. Obxecto e ámbito da Lei de contratos do sector público.

20.-Tipos de contratos do sector público.Normativa de aplicación. Lexislación estatal e as directivas comunitarias.

2.-Segundo exercicio.- Proba de idioma galego.

De carácter obrigatorio e eliminatorio consistirá na traducción directa do castelán ao galego dun texto proposto polo Tribunal inmediatamente antes de celebrarse o exercicio, nun tempo máximo de 10 minutos, e sen axuda de diccionario. Cada falta cometida restará 0,05 puntos.

A cualificación será de Apto ou non Apto. Serán declarados non aptos aqueles aspirantes que cometan 20 ou mais faltas.

***Quedarán exentos de celebrar este exercicio aqueles aspirantes que aporten antes da súa celebración título oficial de coñecemento do galego, nivel iniciación ou equivalente (Celga 3).**

Cualificación final: A cualificación de cada aspirante nos diferentes exercicios do proceso selectivo será o resultado da suma das puntuacións outorgadas por todos os membros do Tribunal ou a determinada de común acordo polo conxunto dos seus membros.

B) FASE DE CONCURSO.-

Cualificarase esta fase de acordo cos méritos aportados polos aspirantes que superaran a fase de oposición, segundo se especifica no **ANEXO II** destas Bases e sen que a cualificación poida exceder de 4,00 puntos na súa totalidade.

Esta fase non ten carácter eliminatorio e a puntuación engadirase á que resulte da fase de oposición.

10.- Resolución.

O Tribunal emitirá a correspondente acta co establecemento das puntuacións obtidas ao longo do proceso selectivo, sendo a cualificación definitiva o resultado das puntuacións obtidas nas dúas fases (probos e concurso)

En caso de empate entre varios candidatos primará o que obteña maior puntuación na fase da proba práctica e se persistise o empate polo que obtivese maior puntuación na proba teórica.

A dita acta publicarase no taboleiro de edictos da Casa do Concello de Ribadeo ordenada de maior a menor puntuación e abrirase un prazo de dous días (2) hábiles para poder presentar cantas reclamacións se estimen oportunas.

De producirse algunha reclamación, transcorrido o dito prazo, o tribunal reunirse de novo para resolver as reclamacións presentadas e publicar a lista definitiva de puntuacións obtidas. No caso de que non houbera ningunha reclamación a lista inicial elevarase a definitiva.

Coa lista definitiva, o tribunal fará pública a relación de aspirantes que constituirá a Bolsa de Emprego, pola orde de puntuación obtida e elevará a proposta ao Sr. Alcalde do Concello de Ribadeo para que resolva sobre a aprobación da Bolsa de Emprego creada.

A orde dos/as integrantes da Bolsa de emprego non será alterada, manténdose na mesma posición e con idéntica puntuación durante o período de vixencia da mesma.

Esta Bolsa de Emprego **terá unha vixencia de 2 anos** dende a data da súa aprobación, prorrogable por outro ano máis salvo acordo expreso contrario do órgano competente.

11.- Funcionamento da Bolsa de Emprego.

Cando por razóns de necesidade ou urxencia por calquera dos motivos expresados na Base 1- art. 10 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (EBEP)- sexa necesario cubrir algún dos postos de referencia procederase ao chamamento pola rigurosa orde establecida na Bolsa de Emprego. As persoas que figuren na bolsa terán a obriga de concorrer ao chamamento que se realice.

Cando sexa necesario proceder ao chamamento para cubrir a praza, ofertarase ao primeiro da lista, realizándose ata dúas chamadas telefónicas ao número de teléfono facilitado e que figure na instancia presentada, cun intervalo de media hora entre cada unha delas, para que acepte ou renuncie ao posto ofertado. Se renuncia ao posto ofertado farao constar por escrito e remitirao por e-mail, fax ou presentandoo persoalmente no rexistro municipal, no mesmo día.

Considerarase que renuncia ao posto ofertado se logo do contacto telefónico non se formula renuncia por escrito no referido prazo ou non comparece no Concello no prazo de 24 horas tras da notificación telefónica realizada dende o Concello.

Realizado ese trámite e ben por renuncia expresa ou por incomparecencia do chamado, formularase oferta ao seguinte da lista.

Unha vez formalizado o emprego con algún traballador terá preferencia o seguinte ao último pola orde de puntuación da bolsa para sucesivos chamamentos pasando o que remate o traballo a ocupar o último posto da lista e así sucesivamente.

Renuncias:

Con carácter xeral a non aceptación ou renuncia ao chamamento que se produza para cubrir a praza que se convoca levará consigo as seguintes sancións:

Primeira renuncia: Un ano de exclusión da bolsa de emprego e imposibilidade de acceso ás ofertas desta.

Unha vez remate este prazo de penalización producirase a reincorporación á Bolsa de Emprego situándose ao final da mesma.

Segunda renuncia: Baixa definitiva na bolsa de emprego e imposibilidade de incluírse de novo na mesma.

O anterior prazo computarase dende a data que se estableza na correspondente resolución de alcaldía que se estableza ao respecto.

Quedan excluídos das sancións anteriores e polo tanto seguirán formando parte da Bolsa de Emprego aqueles/as persoas que non acepten ou renunciem ao chamamento para cubrir a praza e se atopen nalgunha das seguintes situacións.

-Se atopen traballando nese momento ou estén en situación de activo.

-Que acrediten situación de baixa médica.

-Que estén realizando cursos de formación relacionados co posto que se oferta.

-Calquera outra situación de carácter extraordinario a xuízo da entidade local.

O/a aspirante seleccionado/a, de xeito previo ao comezo do traballo deberá xustificar e presentar a seguinte documentación:

- **Declaración responsable de non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial.**

- **Declaración responsable de non incurrir en ningún dos supostos de incompatibilidade do persoal ao servizo das Administracións Públicas segundo a Lei 53/1984, de 26 de decembro e normativa de desenvolvemento da mesma.**

-**Certificado médico que acredite estar apto para o desempeño das funcións.**

-**Fotocopia da tarxeta da Seguridade Social.**

-**Xustificante bancario co IBAN**

*** Igualmente, deberá pasar o recoñecemento médico a través dos servizos médicos de prevención do Concello de Ribadeo.**

12.- Incidencias.

O Tribunal cualificador estará cualificado para resolver as dúbidas e incidencias que se presenten durante o proceso selectivo.

13.- Impugnación.

A presente convocatoria, as súas bases e cantos actos administrativos se deriven destas poderán ser impugnados polos/as interesados/as da forma legalmente prevista na Lei 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

**ANEXO I
MODELO DE INSTANCIA**

SOLICITUDE PARA TOMAR PARTE NA BOLSA DE EMPREGO PARA PERSOAL FUNCIONARIO INTERINO.-

D./D^a..... maior
de idade, con DNI e con domicilio a efectos de notificacións na rúa ou lugar
de..... número de
teléfono.....

e correo electrónico.....

EXPON

Que estando convocadas probas selectivas para a constitución dunha Bolsa de Emprego na categoría de
..... do Concello de Ribadeo,

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE

- 1.- Que reúno todos e cada un dos requisitos esixidos nas presentes bases para poder participar na proba selectiva.
- 2.- Que posúo a capacidade funcional para o desempeño das tarefas propias do posto de traballo.
- 3.- Que non foi separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin estar en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial.
- 4.- Que non está incurso/a en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade que determina a vixente lexislación.

SOLICITA:

Que se teña por presentada a presente solicitude dentro do prazo concedido ao efecto e ser admitido para tomar parte nas probas selectivas para o acceso á Bolsa de emprego de referencia.

Á presente solicitude acompáñase: Uha fotocopia do DNI, pasaporte ou documento equivalente, e os documentos que acreditan o cumprimento dos requisitos e dos méritos profesionais e académicos requeridos.

Ribadeo, de de 20.....

Asdo.:

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE RIBADEO.-

ANEXO II

BAREMO DE MÉRITOS PARA A FASE DE CONCURSO.

Nesta fase valoraranse os méritos acreditados polos aspirantes ata un **máximo de 4,00 puntos**, segundo o seguinte baremo:

A) Coñecemento e experiencia profesional podendo ser valorada no seu conxunto ata un máximo de 2,00 puntos.

1.1) Polo tempo de prestación de servizos como auxiliar administrativo ou administrativo nunha administración pública ou en organismos ou entidades dependentes ou participadas pola mesma, a razón de 0,10 puntos por mes completo.

1.2) Polo tempo de prestación de servizos como auxiliar ou administrativo nunha empresa privada, a razón de 0,05 puntos por mes completo.

A acreditación da experiencia efectuarase documentalmente da seguinte forma:

-Apartados 1.1) mediante certificado de servizos emitido polo órgano competente da Administración de que se trate.

-Apartado 1.2), mediante a vida laboral xunto co contrato de traballo ou copia das nóminas correspondentes.

B) Cursos: Podendo ser valorados no seu conxunto ata un máximo de 2 puntos.

1.- Cursos relacionados co posto de traballo a desempeñar, impartidos pola Administración Pública ou entidades dela dependentes ou homologados por éstas, coa seguinte valoración, ata un **máximo de 2,00 puntos**:

Cursos de mais de 100 horas.....0,75 puntos.

Cursos de 70 a 100 horas.....0,50 puntos.

Cursos de 40 a 69 horas.....0,20 puntos.

Cursos de 15 a 39 horas.....0,10 puntos.

Ribadeo, 15 de novembro de 2023.- O ALCALDE, DANIEL VEGA PEREZ.

R. 3769

SARRIA

Anuncio

Por acordo plenario de data 26.10.2023 aprobouse inicialmente o expediente de modificación da Relación de Postos de Traballo (RPT) do Concello de Sarria, publicándose anuncio de exposición pública no Boletín Oficial de Provincia de Lugo número 252 de data 3 de novembro de 2023 por un prazo de 20 días.

De conformidade co establecido no artigo 202 da Lei de emprego público de Galicia, e non constando alegacións presentadas, a aprobación inicial da modificación da RPT elévase a definitiva.

De conformidade co establecido no artigo 127 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local aprobado por Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, por medio do presente anuncio, procédese á publicación íntegra da mencionada modificación da relación de postos de traballo, a cal se poderá consultar no Portal de Transparencia da Sede Electrónica do Concello de Sarria, no seguinte enlace: <https://sarria.sedelectronica.es/transparency/01a446f9-45f1-4416-9b5f-908c7120d0cc/>

Contra o presente acordo que pon fin á vía administrativa, pode interpoñer recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da notificación deste Acordo.

Sarria, 3 de decembro de 2023.- O Alcalde de Sarria, Claudio Melquiades Garrido Martínez.

R. 3812

Anuncio

Aprobado inicialmente o expediente de modificación do anexo de perosal, na sesión ordinaria do Pleno celebrada o 30 de novembro de 2023, en cumprimento do disposto nos artigos 177.2 e 169.1 do Real Decreto-Legislativo 2/2004, Texto Refundido da Lei 39/1988, reguladora das Facendas Locais, o expediente expónse ao público na Secretaría Xeral do Concello polo prazo de quince días hábiles contados a partir do seguinte á inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, podendo os interesados examinalo e presenta-las reclamacións que estimen oportunas.

O expediente de modificación do anexo de persoal quedará definitivamente aprobado se transcorrido dito prazo de exposición non se presentaran reclamacións. No caso contrario, o Pleno terá un prazo de un mes para resolvelas.

O anuncio de modificación do anexo de persoal definitivamente aprobado publicaranse no Boletín Oficial da Provincia, entrando en vigor coa súa publicación.

Sarria, 3 de decembro de 2023.- O Alcalde, Claudio M Garrido Martínez.

R. 3813

SOBER

Anuncio

BASES CERTAMES DE NADAL 2023 DO CONCELLO DE SOBER

Primeira.- Obxeto.

Constitúe obxeto das presentes bases a regulación aplicable para o otorgamento dos premios dos Certames de Nadal 2023: Certame de Beléns, Certame de Decoración de Locais Comerciais e Certame de Postais

Segunda.- Requisitos dos participantes.

- **Certame de Beléns:** poderán participar neste certame persoas físicas sin personalidade xurídica ou entidades xurídicas (asociacións, centros educativos,...) que instalen un Belén no municipio, calquera que sexa o formato, tamaño e localización (domicilio, local comercial, sede social, exteriores...).

Establécense 2 categorías: infantil (ata 14 anos) e adultos

- **Certame de Postais:** poderán participar neste certame os nenos e nenas e xóvenes do Concello de Sober, que entren dentro das categorías establecidas e deseñe nunha postal navideña.

Establécense 4 categorías: A ata 8 anos; B de 9 a 11 anos; C de 12 a 16 anos; e D a partir de 17 anos.

- **Certame de Decoración de Locais Comerciais:** poderán participar no certame titulares de establecementos comerciais no termo municipal de Sober, sexan persoas físicas, xurídicas, comunidades de bens ou calquera outro tipo de unidade económica ou patrimonio sen personalidade xurídica, legalmente constituídas, que teñan como motivo de decoración únicamente o Nadal

Terceira.- Procedemento de solicitude

- Prazo: As solicitudes poderán presentarse ata o 21 de decembro.
- Lugar: No departamento de Cultura en horario de 10:00h a 14:00h.
- Documentación a presentar: Impreso de solicitude e tres fotografías (Certame de Beléns e certame de Decoración de Locais Comerciais)

Cuarta.- Criterios de Valoración.

O tema de valoración será alegórico ao ambiente propio das Festas de Nadal e valoraranse as candidaturas tendo en conta especialmente os seguintes criterios:

- Orixinalidade. Puntuación 0-5 puntos.
- Calidade artística. Puntuación 0-5 puntos.
- Iluminación e composición. Puntuación 0-3 puntos.
- Esfuerzo. Puntuación 0-5 puntos.

Quinta.- Xurado.

As decisións do xurado serán inapelables e adoptaranse por maioría simple. O xurado estará integrado polos seguintes membros:

- Dous representantes do Concello de Sober.
- Unha persoa experta na materia.

Sexta.- Dotación de Premios.

- **Certame de Postais:** concederanse tres premios por categoría e cada un dos gañadores recibirá diploma e lote de libros.

- **Certame de Beléns:** Os premios consistirán en vales que se poderán canxear en establecementos pertencentes ó Concello de Sober.

Categoría Infantil:

1º premio: Vale 40€

2º premio: Vale 30€

4º premio: Vale 20€

Categoría Adultos:

1º premio: Vale 60€

2º premio: Vale 50€

3º premio: Vale 40€

Os participantes que non resulten gañadoresterán un premio á participación consistente en un Vale de 20€.

- **Certame de Decoración de Locais Comerciais:**

Os premios consistirán en vales que se poderán canxear en establecementos pertencentes ó Concello de Sober.

1º premio: Vale 60€

2º premio: Vale 50€

3º premio: Vale 40€

Os participantes que non resulten gañadores terán un premio á participación consistente en un Vale de 20€.

Séptima.- Protección de datos

Os datos de carácter persoal recollidos serán tratados de acordo co establecido polo normativa vixente en materia de protección de datos. O Responsable de Tratamento dos datos persoais é:

Concello de Sober, con dirección en Praza do Concello s/n 27460 - Sober

Oitava.- Aceptación

A concorrencia nesta convocatoria supón a plena aceptación destas bases.

Novena.- Publicidade

As presentes Bases serán obxecto de publicación no Boletín Oficial da Provincia.

Décima.- Normativa aplicable

Para todo o non previsto expresamente nas presentes bases aplicarase:

2. Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
3. Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.

ANEXO I: MODELO DE SOLICITUDE PARA PARTICIPAR NOS CERTAMES DE NADAL DO CONCELLO DE SOBER**SOLICITANTE**

| | |
|------------------------------|---------|
| Nome e apelidos/Razón social | DNI/NIF |
|------------------------------|---------|

REPRESENTANTE (no caso de menores de idade)

| | |
|------------------------------|---------|
| Nome e apelidos/Razón social | DNI/NIF |
|------------------------------|---------|

DOMICILIO DE NOTIFICACIÓN

| | | |
|--------------------|---------------|------------------------|
| Enderezo | Código postal | Localidade (Provincia) |
| Correo electrónico | Teléfono | |

O solicitante, no seu caso a través do representante expón:

Que coñece as bases dos Certames de Nadal organizados polo Concello de Sober e manifesta, coa sinatura deste impreso, estar de acordo con elas.

Que está interesado en participar no Certame de Nadal que se marca a continuación:

| CERTAMES DE NADAL | |
|--------------------------|---|
| <input type="checkbox"/> | CERTAME DE BELÉNS |
| <input type="checkbox"/> | Categoría Infantil |
| <input type="checkbox"/> | Categoría Adultos |
| <input type="checkbox"/> | CERTAME DE DECORACIÓN DE LOCAIS COMERCIAS |
| <input type="checkbox"/> | CERTAME DE POSTAIS |
| <input type="checkbox"/> | Categoría A (ata 8 anos) |
| <input type="checkbox"/> | Categoría B (de 9 a 11 anos) |
| <input type="checkbox"/> | Categoría C (de 12 a 16 anos) |
| <input type="checkbox"/> | Categoría D (a partir de 17 anos) |

Documentación que achega:

- DNI
- CIF da entidade, no caso de persoas xurídicas, así coma o NIF do presidente ou representante destas.
- Copia alta no epígrafe correspondente do IAE e xustificante do último recibo de pago ou declaración de exención (Anexo II).
- Declaración responsable de non estar incurso en causa que impida ser beneficiario de subvencións públicas e de estar ao corrente das obrigas tributarias e da seguridade social. (Anexo II).

Coas solicitudes os interesados acompañarán os documentos e informacións determinados na norma ou convocatoria, salvo que os documentos esixidos xa estivesen en poder de calquera órgano de administración actuante; neste caso o solicitante poderá acollerse ao establecido no art. 53.1. c da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, sempre que se faga constar a data e o órgano ou dependencia en que foron presentados ou, no seu caso, emitidos, e cando non transcorresen máis de cinco anos desde a finalización do procedemento ao que correspondan.

Nos supostos de imposibilidade material de obter o documento, o órgano competente poderá requirir ao solicitante a súa presentación, ou no seu defecto, a acreditación por outros medios dos requisitos a que se refire o documento, con anterioridade á formulación da proposta de resolución.

A presentación da solicitude de participación nos Certames de Nadal por parte do interesado levará consigo a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal de Administración Tributaria, a Tesourería Xeral da Seguridade Social e a consellería competente en materia de economía e facenda da Xunta de Galicia.

O solicitante poderá denegar expresamente o consentimento, para o que deberá presentar nese caso a certificación nos termos previstos regulamentariamente.

En Sober, _____ de _____ 2023

Sinatura do/a solicitante ou do/a representante

Sober, 29 de novembro de 2023.- O Alcalde, Luis Fernández Guitián.

R. 3770

TABOADA

Anuncio

EXPOSICIÓN PÚBLICA DO PADRÓN FISCAL E DO PERÍODO EN VOLUNTARIA DA COBRANZA DA TAXA POR PRESTACIÓN DO SERVIZO DE “ABASTECIMENTO DE AUGA, ACOMETIDAS E TRASPASOS DE TITULARIDADE” E DE “SUMIDOIROS” CORRESPONDENTES AO 1º TRIMESTRE DO 2023.

O Padrón fiscal da taxa de prestación do servizo “Abastecemento de auga, acometidas e traspasos de titularidade” e de “Sumidoiros” correspondentes ao **1º trimestre do 2023**, foi aprobado por Resolución de Alcaldía de data **30 de novembro de 2023**.

O mencionado padrón expónse ao público nas oficinas da Casa do Concello polo prazo de 15 días, contado dende o seguinte ao da publicación no BOP do presente anuncio, para os efectos de que os interesados poidan examinalo e, no seu caso, formular as reclamacións oportunas (o recurso de reposición regulado no artigo 14.2 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, que recolle o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, no prazo dun mes, contado dende o seguinte ao da finalización do período de exposición pública do mencionado padrón fiscal.

Contra a resolución recaída no recurso de reposición poderase interpoñer, diante do Xulgado do Contencioso-Administrativo competente o recurso Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses, contados dende o día seguinte ao da notificación a dita resolución.

Se non recaera resolución no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da presentación do recurso de reposición, en virtude do previsto no mencionado artigo 14.2 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, produciranse os efectos xurídicos establecidos nos artigos 24 e 25 Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Non obstante, se se considera conveniente, poderase empregar e exercitar calquera outro recurso.

A publicación no BOP do presente anuncio ten o carácter de notificación colectiva ao amparo do previsto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

O período de cobranza en voluntaria será o comprendido:

Padrón 1º trimestre de 2023 dende o día **15 de decembro 2023 ao 15 de febreiro de 2024** ambos os dous incluídos.

Os contribuíntes poderán efectuar o pagamento da débeda tributaria do seguinte xeito:

- a) Na entidade colaboradora Abanca, presentando o correspondente recibo.
- b) Os recibos domiciliados polos contribuíntes serán cargados directamente polas respectivas entidades bancarias.

Unha vez rematado o prazo de pagamento en voluntaria sinalado, os débitos non satisfeitos entrarán no período executivo, de acordo co establecido no artigo 161 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria, percibíndose a recarga e xuros de demora establecidos nos artigos 26 e 28 da referida norma. Advírtese que a falta de pago do canon da auga en período voluntario en cumprimento do DECRETO 136/2012, do 31 de maio, polo que se aproba o Regulamento do canon da auga e do coeficiente de vertedura a sistemas públicos de depuración de augas residuais, supoñerá a esixencia do canon da auga directamente ao contribuínte pola vía de présa pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia e, así mesmo, deberá indicarse que a repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes desde que se entenda producida a notificación.

Taboada, 30 de novembro de 2023.- O Alcalde, Roi Rigueira Agromartín.

R. 3771

VIVEIRO

Anuncio

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

D^a. MARIA LOUREIRO GARCÍA, Alcaldesa-Presidenta do Excmo. Concello de VIVEIRO, en virtude das atribucións que me confiren os artigos 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia.

Resultando que no Boletín Oficial da Provincia de Lugo do venres, 16 de decembro de 2022 Núm. 286, publícase a convocatoria e bases reguladoras cos seus anexos aprobadas pola Alcaldía, en Viveiro o día 12 de decembro de 2022, polas que se inicia o proceso selectivo para o ingreso en prazas de funcionario de carreira ou persoal laboral fixo no Concello de Viveiro, incluídas na Oferta de Emprego Público do ano 2022 - Taxa adicional de estabilización de emprego temporal (Disposición Adicional 6^a e 8^a da Lei 20/2021, do 28 de decembro), cota xeral, sistema concurso, acceso libre.

Resultando que no Diario Oficial de Galicia do mércores, 21 de decembro de 2022, DOG Núm. 241, publícase o anuncio do extracto das convocatorias, bases xerais e bases específicas que regulan os procesos selectivos para o ingreso nas prazas de persoal funcionario de carreira e laboral fixos incluídas na oferta de emprego público do ano 2022, en virtude da taxa adicional de estabilización da convocatoria excepcional prevista nas disposicións adicionais sexta e oitava da Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público.

Resultando que no Boletín Oficial da Provincia de Lugo do venres, 30 de decembro de 2022 Núm. 298, publícase o anuncio da Resolución de corrección de erros nas bases xerais e específicas que regulan os procesos selectivos excepcionais que se convocan para o ingreso en prazas de funcionario de carreira ou persoal laboral fixo no Concello de Viveiro, incluídas na oferta de emprego público do ano 2022- taxa adicional de estabilización de emprego temporal (disposición adicional 6^a e 8^a da lei 20/2021, do 28 de decembro), cota xeral, sistema concurso, acceso libre, ditada pola Alcaldía en data 21 de decembro de 2022.

Resultando que no Diario Oficial de Galicia do martes, 03 de xaneiro de 2023, DOG Núm. 2, publícase o anuncio da Resolución de corrección de erros nas bases xerais e específicas que regulan os procesos selectivos excepcionais que se convocan para o ingreso en prazas de funcionario de carreira ou persoal laboral fixo no Concello de Viveiro, incluídas na oferta de emprego público do ano 2022- taxa adicional de estabilización de emprego temporal (disposición adicional 6^a e 8^a da lei 20/2021, do 28 de decembro), cota xeral, sistema concurso, acceso libre, ditada pola Alcaldía en data 21 de decembro de 2022.

Resultando que no Boletín Oficial do Estado do martes, 24 de xaneiro de 2023, Núm. 20, publícase convocatoria para prover varias prazas, establecendo o prazo de presentación de solicitudes que será de 20 días hábiles a contar dende o seguinte ao da publicación, entre as que se atopan quince prazas de “ADMINISTRATIVO/A”.

Vistas as bases xerais, xunto coas bases específicas e anexo que regulan os procesos selectivos excepcionais que se convocan para o ingreso en prazas de funcionario de carreira ou persoal laboral fixo no Concello de Viveiro, incluídas na Oferta de Emprego Público do ano 2022 - Taxa adicional de estabilización de emprego temporal (Disposición Adicional 6^a e 8^a da Lei 20/2021, do 28 de decembro), cota xeral, sistema concurso, acceso libre, en relación co proceso selectivo para a cobertura de quince prazas de “ADMINISTRATIVO/A” funcionario de carreira.

Vista a publicación da lista definitiva de admitos/as e excluídos/as publicada no Boletín Oficial da Provincia de Lugo en data 17 de novembro de 2023.

Vista a publicación da Resolución de Alcaldía relativa ao nomeamento do Tribunal do proceso selectivo para a cobertura de quince prazas de “ADMINISTRATIVO/A” funcionario de carreira, en data 01 de decembro de 2023.

Visto que o Tribunal do proceso selectivo para a cobertura de quince prazas de “ADMINISTRATIVO/A” funcionario de carreira, foi constituído en data 05 de decembro de 2023.

Vista a base xeral 11, que sinala “(...) 11. PROBA DE GALEGO.

Esta proba é obrigatoria e eliminatoria de conformidade co disposto nas presentes bases.

Realizarase unha proba de galego, excepto para aquelas persoas que acrediten o nivel de coñecemento da lingua galega esixido na base específica.

Cualificarase co resultado de apto ou non apto, quedando eliminados do proceso selectivo aquelas persoas aspirantes que, sen acreditar o nivel de galego esixido na base específica, non se presenten ou acaden o resultado de non apto.

A proba consistirá na tradución dun texto de castelán para galego ou de galego para castelán, cuxo contido corresponderá ao nivel de galego esixido.

Para os grupos A e C: Consistirá na realización dunha proba escrita de coñecemento da lingua galega, que determinará o órgano de selección, e avaliarase unicamente como apto ou non apto. Consistirá en

traducir nun tempo máximo de 30 minutos, e sen axuda de dicionario, un texto de castelán a galego ou de galego para castelán, cuxo contido correponderá ao nivel de galego esixido nas bases específicas, proposto polo Tribunal. Estarán exentos da realización deste exercicio os/as aspirantes que acrediten no prazo regulamentario de presentación de instancias, posuír o título esixido nas bases específicas ou equivalente homologado, segundo o establecido nas presentes bases de conformidade coa normativa de aplicación...

Vista a base xeral 11.1; 11.2 e 11.3, que sinala "(...)11.1. Citación.

Por Resolución da Alcaldía do Concello de Viveiro citarase aos membros do Tribunal e ás persoas aspirantes admitidas (que non acreditaran o nivel de galego esixido nas bases específicas correspondentes) indicando a data, lugar e hora para a realización da proba de galego, publicándose no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, taboleiro de anuncios, na páxina web municipal e no taboleiro de anuncios dixital.

Entre a data de realización da proba e a súa celebración non poderá mediar menos de 48 hora.

11.2. Chamamentos.

As persoas citadas, serán convocadas en chamamento único, sendo eliminadas do proceso selectivo as persoas aspirantes citadas que non comparezan, excepto casos de forza maior, debidamente xustificadas e apreciados libremente polo Tribunal Cualificador, nos que se determinarán as medidas a adoptar.

11.3. Identificación.

Os/as aspirantes deberán presentarse para a realización do exercicio provisto/as do DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade, a xuízo do tribunal, que deberán ser en todo caso orixinais.

De non acudir provisto de dito documento non poderá participar na proba selectiva, quedando decaídos de tódolos seus dereitos e excluído do proceso selectivo...

Vista a base xeral 11.6 e 11.7, que sinala "(...)11.6. Criterios de corrección.

O Tribunal adoptará, con anterioridade á realización da proba, os criterios para a súa corrección informando ás persoas aspirantes antes da súa realización, nas probas nas que proceda pola súa natureza.

11.7. Publicación e alegación.

Os resultados faranse públicos no taboleiro de edictos dixital da sede electrónica do Concello, no taboleiro de anuncios, na páxina web e no local de celebración, nun prazo máximo de (2) dous días hábiles dende a celebración da proba.

As persoas aspirantes poderán presentar alegacións no prazo de (3) tres días hábiles seguintes á publicación dos resultados no taboleiro de edictos dixital da sede electrónica do Concello.

Resoltas as alegacións, no suposto de estimarse, deberán publicarse as oportunas correccións.

De non estimarse continuarase o procedemento sen máis trámite...

Vista a base xeral 12, que sinala "(...)12. BAREMOS DE MÉRITOS

Realizada a proba de galego, o Tribunal procederá a valorar os méritos ás persoas que acreditaron ou superaron a proba de galego...

RESOLVO

PRIMEIRO.-CITAR aos membros do Tribunal e **AO ASPIRANTE ADMITIDO NON EXENTO DA PROBA DE GALEGO** para que comparezan no salón de Plenos do Concello de Viveiro o **MÉRCORES DÍA 13 DE DECEMBRO DE 2023, ÁS 08:30 HORAS**, aos efectos de realizar a **PROBA DE GALEGO**.

SEGUNDO.- Publicar a presente Resolución no **Boletín Oficial da Provincia de Lugo, taboleiro de anuncios, na páxina web municipal e no taboleiro de anuncios dixital.**

Viveiro, 5 de decembro de 2023.- A Alcaldesa, María Loureiro García.

R. 3837

MINISTERIO DO INTERIOR
XEFATURA PROVINCIAL DE TRÁFICO LUGO

Anuncio

RESOLUCIÓN do 30 de novembro de 2023, da Xefatura Provincial de Tráfico de Lugo, pola que se asume a competencia sancionadora en materia de tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade viaria, polas infraccións cometidas nas vías urbanas do Concello do Valadouro (Lugo).

O artigo 7 do Real decreto legislativo 6/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei sobre Tráfico, Circulación de Vehículos de motor e Seguridade viaria, atribúe aos municipios a competencia para a denuncia e sanción das infraccións que se cometan en vías urbanas.

O artigo 84.4 establece que a sanción por infracción a normas de circulación cometidas en vías urbanas corresponderá aos respectivos Alcaldes, os cales poderán delegar esta competencia de acordo coa normativa aplicable. Ese precepto tamén dispón que os Xefes provinciais de tráfico asumirán a competencia dos Alcaldes cando, por razón xustificadas ou por insuficiencia dos servizos municipais, non poida ser exercida por estes.

Ao amparo desas disposicións e con data 2 de novembro de 2023 o Pleno da Corporación Municipal do Concello do Valadouro aprobou a proposta da Alcaldía para que a Xefatura Provincial de Tráfico tramite os expedientes sancionadores orixinados por infraccións cometidas nas vías urbanas do referido Concello, motivada na insuficiencia de medios para a tramitación eficaz dos expedientes sancionadores.

Na súa virtude, e atopándose xustificadas os motivos e alegacións formulados pola Sr. Alcaldesa do Concello de O Valadouro para a concesión da competencia que o Real decreto legislativo 6/2015, do 30 de outubro, outórgalle

RESOLVO: Asumir, desde o día seguinte á publicación da presente resolución no Boletín oficial da provincia, a competencia para sancionar as infraccións en materia de tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade viaria cometidas nas vías urbanas do Concello do Valadouro, coas seguintes condicións:

Primeira: a asunción da competencia sancionadora será de carácter temporal, mentres subsistan as razóns expostas pola Sra. Alcaldesa e os servizos municipais resulten insuficientes.

Lugo, 30 de novembro de 2023.- O Xefe Provincial de Tráfico de Lugo, Ángel Álvarez Martínez.

R. 3772